

Yanky "dinamita" un derbi frenético. Dumbría 3-3 U.C.Cee

Achegado por Administrator
martes, 17 de noviembre do 2009

Os de José Manuel Pato lograron empatar un encontro a base de coraxe e tesón, ante un rival que lles puxo moi difíciles as cousas.

{jgaccordion} [acctab ==Crónica do Partido==]

CRÓNICA DO PARTIDO

Bo encontro o disputado polo

U.C.Cee que contaba cas baixas de Rubén Fiuza por lesión, Dani Freire por motivos persoais, e Tono, Juanjo, Borja, Alvaro, Fernandito, por decisión técnica, recuperaban os ceenses con respecto o anterior encontro a Parroto, Penedo e Leo, este último facíao como titular

Tarde fría e chuviosa en O Conco era o que Dumbría e Cee se atopaban este domingo para rememorar o que é un dos derbis máis disputados e espectantes do fútbol da Costa. Un encontro de eses que fan afición, un encontro que sempre promete goles, tensión e espectáculo. Gran ambiente nas bancadas (500 afeccionados) e moita rivalidade no terreo de

xogo.

Con todos estes alicientes era imposible que este encontro defraudase a calquera afeccionado dos alí presentes, e proba delo foi que antes de que ninguén puidera acomodarse na bancada xa se cantaba o primeiro tanto dos locais.....un centro dende a dereita era peinado por lago e rematado poderosamente e sen oposición no segundo pao por Aarón. O tanto do fisterrán fixo tremer os ceenses que necesitaron varios minutos para se repoñer. Alá se iban as tácticas, as charlas e preparación do encontro.....o Dumbría tivo unha inxección de adrenalina co gol e foise a polo encontro presionando con moita forza a zaga local. Os de Pato aínda anestesiados polo gol, estiveron a merced dos visitantes durante varios minutos, ata que sacou esa coraxe ca que tanto se identifican os da Vila da Xunqueira. Con esa coraxe , ca motivación extra de homes coma Carlos Leis ou Rafa, ademáis do desparpaxo de outros como Rivi conseguiron os visitantes sacudirse o dominio local e durmir o encontro, ata chegar o descanso.

Trala reanudación.....logo das charlas técnicas, correccións e trocos, outra vez todo polo chan, Penedo o que Pato dera entrada en lugar do muxían Adrián, aproveitaba unha falta de entendemento entre Purrua e a sua zaga para igualar a contienda cando aínda non se chegara o minuto cinco deste segundo acto.

Ahora sería o Dumbría o que vía como os de José Manuel impulsados polo gol do corcubionés controlaban o encontro. Eran os mellores minutos do encontro, un toma e daca contínuo, cos xogadores totalmente entregados sen reserbar nada das suas forzas e desplegando por momentos un gran xogo convinativo.

Nese intre aparecería Adrián que cunha boa galopada pola banda conseguía encarar a Mingos e cruzar o balón para que entrase na portería raso e pegado o segundo pao, estalaba a parraquia dumbriosa de ledicia co tanto do fisterrán que xa o intentara sin éxito na primeira metade.

O gol non fixo o mesmo efecto nos ceenses que o primeiro do seu paisano Aarón, pois os de José Manuel seguiron tocando comandados por un inmenso Rivi, proba delo, foi a xogada que precediu o empate dos de Pato. Unha boa triangulación na que ata seis xogadores tocaban o balón rematou con Carlos Leis desfacendose de Suso dentro da área e case sen ángulo sacábase un duro disparo que se colaba pola escadra de Purrua que nada puido facer. Estalaba agora a afición ceense desplazada ata o Conco co tanto do ex do Dumbría.

Pero para seguir ca tónica do encontro e non deixar distraerse nin un intre os afeccionados, Suso os dez minutos puido resarcirse do anterior gol e nun corner e logo de dous toques de cabeza dos seus compañeiros foi quen ,o capitán dumbriés, de conectar un testarazo lexos do alcance de Mingos.

Ahora si parecía a sentenza, e así o intuía a grada que coreaba o nome de Suso. E seguramente así remataría o encontro se Pato non dese entrada a ultima bala que lle quedaba na recamara. O ídolo ceense da última Copa da Costa xogada polo Cee entraba en escea, e cando xa pasaban seis minutos do tempo regulamentario, este controlaba ca espuela un balón o borde da área visitante entre dous defensas rivais, e acomodouse o esférico de tal maneira que lle quedou franco para chutar ante Purrua, a afición visitante seguía a xogada sen pestañear, para logo gritar gooooool ,unha vez que "Dinamita" Yanky vatía pola escadra a un desesperado Juan Purrua.

Volveuse tola a afición ceense ante os atónitos afeccionados do Dumbría que non remataban de creer o que estaba

pasando. E así ca celebración de Yanky que dibuxaba un corazón para dedicarlle o tanto a unha amiga especial , remataba un dos derbis máis emocionantes dos últimos tempos.

Con este punto, o golpe de moral para os ceenses e os tres conseguidos a semana anterior, os de José Manuel entran nunha boa sieira de resultados que intentarán ratificar esta fin de semana ante o Sp. Cambre. Os de Ramiro que son segundos na clasificación veñen de vencer o Calo por 4-1 resultado que os situa con 23 puntos oito máis que os ceenses que son décimos. O encontro será este domingo as 16:45 horas no Municipal de Vimianzo.

[/acctab]

[acctab ==Datos do encontro==]

DATOS DO ENCONTRO

LIGA 1ª AUTONOMICA 2009-2010

XORNADA: 11

DATA: 15/11/2009
HORA: 16:10

COLEXIADO: Logan Sampedro Valiño

CAMPO: O Conco

Asistente 1: Jesús Figueiras Cortes

Asistente 2: Andrea Vieites Vieites

LOCAL
VISITANTE

DUMBRIA
U.C.CEE

3
3

Adestrador: Floreal Castro Ares

Adestrador: José Manuel Pato

ALINEACION
ALINEACION

01. Juan Purrua

01. Mingos

02. Suso (80')

02. Javi

03. Rubén

03. Rafa (61')

04. Nico (35')

04. Berto

05. Chula

05. Fermín (35')

06. Aarón (03')

06. Carlos Leis (72')

07. Adrián (30') (55')

07. Chapu

08. Tasky

08. Rivi

09. Luisito (88')

09. Leo

10. Yago (77')

10. Miguel Riveiro (87')

11. Luis

11. Adrián

12. Iván (64' Rubén)

12. Penedo (46' Adrián) (48')

13. Tolo

13. Parroto

14. Shuster (46' Aarón)

14. Yanky (66' Leo) (96')

15. Guardiola (87' Tasky)

15. Manoliño (78' Chapu)

16. Sestayo (89' Luisito)

16. Jacobo

17.

Delegado: Manuel López Canosa

Delegado: José Manuel Díaz Chencho

INCIDENCIAS: Moi boa entrada (500 espectadores)

[/acctab]

[acctab ==Os dous equipos==]

OS DOUS EQUIPOS

[/acctab]

[acctab ==A Alineación do U.C.Cee==]

A ALINEACIÓN DO U.C.CEE

ASÍ COMENZOU O U.C.CEE

ASÍ REMATOU O U.C.CEE

[/acctab]

[acctab ==Os Mellores==]

OS MELLORES

Adrián Makay

Sergio Cambeiro Agulleiro

ADRIAN

RIVI

LOCAL
VISITANTE

O

xoven dianteiro Adrián realizou un gran encontro o Domingo en O Conco. O xogador fisterrán foi sen dúbida o mellor do seu equipo, mostrouse moi rápido en ataque ademáis de perigoso e constante na presión. Demostrou a sua gran clase e fisicamente está un punto por riba de todos. Foi un quebradeiro de cabeza para a zaga visitante e conseguiu marcar un gol e a piques estivo de marcar algún máis. Tamen destacamos a actuación de Tasky e Iago.

Terceira semana que Rivi visita esta sección. O xoven xogador de Gures estase a converter na peza clave dos de José Manuel. Pese a sua xuventude o mediocentro ceense non se arrugou no derbi do Domingo e manexou o encontro as mil maravillas. Impresionante despliegue físico e técnico co que nos deleitou o xoven ceense. Destacamos tamén a actuación do fisterrán Rafa e Carlos Leis que se mostrou hipermotivado ademáis de marcar un gran gol.

C.F. DUMBRIA

U.C.CEE

[/acctab]

[acctab ==A Foto Curiosa==]

A FOTO CURIOSA DA XORNADA

(Placaxe.....) Hoxe

na foto curiosa temos a imaxe da pugna entre os dous paisanos fisterráns , Aarón e Rafa, saltaron chispas entre estes dous colosos.

(Estreamos tamén unha sección onde cada semana incorporaremos unha foto curiosa dos encontros do U.C.Cee)

[/acctab]

[acctab ==O Colexiado==]

O COLEXIADO

NOTA

8

(Ben)

O Colexiado Logan Sampedro Valiño, realizou un bo encontro. A pesares do disputado e apretado resultado, o trencilla coruñés sacou con boa nota o derbi Só o Dumbría reclamaría un posible fora de xogo no derradeiro gol visitante, que cando menos sería moi dudoso. Así pois a sua nota é dun oito nun moi aceptable encontro realizado por Sampedro Valiño que casi pasou inadvertido.

(Estreamos tamén unha sección onde cada semana analizaremos a actuación do colexiado do encontro, e daremoslle unha puntuación)

[/acctab]

[acctab ==As Fotos do Encontro==]

AS FOTOS DO ENCONTRO

{jgxfolder:=[images/cronicas/liga20092010/dumbriacee] cols:=[5]}

[/acctab]

{jgaccordion}

